



Terceiro.- Dispõe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, 15 de febreiro de 2010. O xefe territorial.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio da pel de Ourense

En Ourense, cando son as 19.00 horas do día 21 de xaneiro de 2010, reúnen na sede da Confederación Empresarial de Ourense, sita na praza das Damas, n.º 1 de Ourense, a representación empresarial e sindical do sector de comercio da pel da provincia de Ourense para actualiza-las táboas salariais para o segundo ano de vixencia do convenio.

Pola parte empresarial: Asociación Empresarial de Comercio de Calzados y Bolsos de Ourense: don Luis Martínez Piñeiro, don Miguel Rodríguez.

Asesora: María de Miguel Pérez.

Pola parte social: CCOO: don Manuel Prada Pérez, don Manuel González Cacheiro, dona Emilia Iglesias Gutiérrez.

As partes reúnen co fin de actualizar para o segundo ano de vixencia do convenio as táboas salariais, conforme co disposto no artigo 7 do texto que establece que “para o segundo ano de vixencia o incremento para aplicar será do 0,50% sobre o IPC real do 2009”. Como o IPC real do 2009 é do 0,8%, procede actualiza-la táboa salarial no 1,30%, resultando a seguinte táboa:

Xefe de división: 956,76

Encargado xeral e xefe de compras: 921,63

Xefe de sucursal ou almacén: 921,63

Xefe de sección mercantil: 887,02

Encargado: 869,61

Viaxante: 869,61

Dependente maior: 834,75

Dependente: 788,56

Axudante: 778,17

Mozo: 778,17

Xefe administrativo: 922,67

Contable: 870,51

Oficial administrativo: 834,75

Auxiliar administrativo: 778,17

Auxiliar de caixa maior: 788,56

Auxiliar de caixa: 633,30

Escaparartista: 911,46

Persoal de limpeza: 5,47

Fíxanse como días para traballar como consecuencia das festas de Nadal, e de acordo coa tradición, os sábados pola tarde do mes de decembro, é dicir: os días 4, 11 e 18 de decembro do 2010, e o 8, 15, 22 e 29 de xaneiro do 2011, tendo os ditos sábados pola tarde a consideración de xornada efectiva establecida neste sentido. As tardes de sábados do Nadal que se traballen pola tarde serán compensados en tempo de descanso, de tal xeito que por unha tarde de sábado gozarse media xornada completa de descanso, elixindo os traballadores a data do goce, intentando que non coincidan varios descansos á vez por cada empresa.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión, cando son as 19.30 horas no lugar e día expresados no encabezamento.

Asociación Empresarial de Comercio de Calzados y Bolsos de Ourense: Luis Martínez Piñeiro, Miguel Rodríguez.

Asesora: María de Miguel Pérez.

CCOO: Manuel Prada Pérez, Manuel G. Cacheiro, Emilia Iglesias Gutiérrez.

Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial

Ourense

Sección de Relacións Laborais

Asunto: CC/ Revisión salarial 2010

Unha vez Visto o texto da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo do comercio da pel da provincia de Ourense 2009-2010, publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 154, do 7 de xullo de 2009 (código n.º 3200135), subscrita, o día 21 de xaneiro de 2010, polos membros da Comisión Paritaria do convenio integrada, dunha parte, en representación da parte económica, polos representantes da Asociación Empresarial de Comercio de Calzados y Bolsos de Ourense e, doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector polos/as representantes da central sindical Comisións Obreiras (CCOO), na que se fixa a revisión salarial do convenio para o 2º ano de vixencia e os días laborais no sector como consecuencia das festas de Nadal e, de conformidade co disposto no artigo 90.2.º e 3.º do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, este Departamento Territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante neste Departamento Territorial (Servizo de Relacións Laborais), e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).